



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la necesidad de rehabilitación integral de los puentes sobre la vía de tren en Vicedo.

El término municipal de de Vicedo está atravesado por el ferrocarril de ancho métrico, antigua FEVE, que une Ferrol con Oviedo. Para salvar esta infraestructura, hay dos puentes que requieren actuaciones urgentes para garantizar la seguridad vial.

Por un lado, está el puente de Valdesuso, cercano a Espiño, cuya vía es muy estrecha, ya que apenas cabe un vehículo turismo y está precedido de una curva pronunciada. En este lugar, es habitual que se produzcan accidentes y salidas de la vía. De hecho, parte de la barandilla ya ha desaparecido y, hasta hace poco, solo estaba señalizada con cinta policial después del último accidente. La valla de protección de hierro forjado está completamente deformada y deteriorada, por lo que apenas sirve de protección al tráfico y a los peatones.

Asimismo, los vecinos y vecinas denuncian que la estrechez de la vía impide el paso de furgonetas de transporte e incluso de ambulancias en caso de emergencias. Por todo ello, exigen que se rehabilite el puente, ampliando la zona de tránsito de vehículos, corrigiendo la curva e incorporando elementos de protección para la seguridad de los peatones.

Por otro lado está el puente sobre la carretera situado en Sacido, próximo al apeadero de Vicedo que, si bien dispone de una plataforma más amplia para la circulación de vehículos, también presenta una curva muy pronunciada en uno de sus extremos que, en caso de exceso de velocidad, suele provocar salidas de la vía. Además, los elementos de protección del puente están completamente deteriorados e incluso en muchos tramos no están presentes, y se han sustituido únicamente por cinta de plástico para marcar el lugar. Muchas de estas carencias son el resultado de numerosos accidentes de vehículos contra la barandilla del puente. Además, es necesario incorporar medidas de seguridad para los peatones ya que no existe acera ni bordillo para personas viandantes.



A modo de conclusión, es necesario acometer una reforma de los puentes en aras de mejorar el acceso, ampliar la plataforma para garantizar el paso seguro de vehículos y personas, así como renovar los elementos de seguridad, principalmente las barandillas, e incorporar medidas de protección a los peatones.

Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Son conocedores el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible y ADIF del estado de estos dos puentes sobre la vía del tren en el término municipal de Vicedo, que requieren urgentemente mejoras para la seguridad de vehículos y personas y un proyecto de ampliación de plataforma así como corrección del trazado?
2. ¿Cuándo fue la última vez que ADIF revisó el estado de estas dos infraestructuras? ¿Tienen informes sobre su deterioro y la falta de elementos de seguridad y protección? ¿En caso de que así sea, cuándo tienen previsto comenzar las actuaciones para su reparación?
3. ¿Consideran la posibilidad de acometer, en coordinación con el Concello de Vicedo, la reforma integral de estos dos puentes para permitir alargar la plataforma superior de rodadura, ampliar con seguridad la zona de paso de peatones, corregir el trazado de las curvas del vial de acceso y mejorar las medidas de seguridad vial para evitar salidas de la vía?
4. ¿Han realizado o recibido alguna consulta al respecto del Concello de Vicedo? ¿De ser así, cuál fue el resultado?

Madrid, 16 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAY. 2025 22:29:46

Entrada **68929**

Sobre a necesidade de reforma integral das pontes sobre a liña do antigo FEVE no Vicedo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de rehabilitación integral das pontes sobre a vía do tren no Vicedo.**

O Concello do Vicedo está atravesado pola vía férrea de ancho métrico, antiga FEVE, que conecta Ferrol con Oviedo. Para salvar esta infraestrutura existen dúas pontes que precisan de actuacións urxentes para garantir a seguranza viaria.

Trátase, por un lado, da ponte de Valdesuso, próxima ao lugar do Espiño, que conta cunha plataforma moi estreita pola que apenas cabe un turismo e que está precedida dunha curva pronunciada. Neste lugar prodúcese habitualmente accidentes e saídas de vía, de feito, parte da varanda de protección desapareceu xa e, aínda recentemente, foi marcada unicamente con cinta policial despois do último sinistro. O fechamento de protección de forxa está completamente deformado e deteriorado, polo que apenas serve de protección para o tráfico e as persoas viandantes.

Así mesmo, os veciños e veciñas denuncian que o paso estreito impide o paso a furgonetas de transporte e mesmo a ambulancias en caso de emerxencias. Polo que reclaman que se reforme a ponte, ampliando a zona de tránsito de vehículos, corrixindo a curva e incorporando elementos de protección para a seguranza das e dos peóns.

A outra é a ponte sobre a vía sita no lugar de Sacido, próxima ao apeadeiro do Vicedo que, aínda que conta cunha plataforma para a circulación de vehículos máis larga, ten igualmente unha curva moi pronunciada nun dos seus extremos





que, en caso de excesos de velocidade, provoca, de forma habitual, saídas de vía. Ademais, os elementos de protección da ponte están complemente deteriorados e, mesmo, desaparecidos en moitos tramos, substituídos tan só por cintas de plástico para marcar o lugar. Moitas desas faltas son resultado de diversos sinistros de vehículos contra a varanda da ponte. Así mesmo, é preciso incorporar medidas de seguranza para os peóns pois non conta non ningunha beiravía ou beirarrúa para as persoas viandantes.

En definitiva, é preciso acometer a reforma das pontes para mellorar os accesos, alargar a plataforma para asegurar o paso seguro de vehículos e persoas, así como renovar os elementos de seguranza, principalmente as varandas, e incorporar medidas para a protección das e dos peóns.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Ten coñecemento o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel e ADIF do estado destas dúas pontes sobre a vía do tren no Concello do Vicedo que precisan de forma urxente de melloras para a seguranza dos vehículos e das persoas e dun proxecto para o alargamento da plataforma así como a corrección do trazado?
2. Cando foi a última vez que se revisou o estado destas dúas infraestruturas por parte de ADIF? Ten informes sobre o seu deterioro e da falta dos elementos de seguranza e protección? De ser así, cando ten previsto iniciar as actuacións para a súa reparación?
3. Valora a posibilidade de acometer, en coordinación co Concello do Vicedo, a reforma integral destas dúas pontes para permitir alargar a plataforma de rodadura superior, ampliar a zona de paso para peóns de forma segura, corrixir o trazado das curvas no acceso e mellorar as medidas de seguranza viaria para impedir saídas de vía?



4. Realizou ou recibiu algunha consulta neste sentido co Concello do Vicedo? De ser así, cal foi o resultado?

Madrid, a 16 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso